



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 14 DE XULLO DE 2016</b>	
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> EXTRAORDINARIA E URXENTE	<b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro do PSdeG-PSOE

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro

INTERVENTOR ACCTAL.

LUIS M. LOZANO LORENZO

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

Na Casa do Concello, sendo as vinteunha hora trinta e oito minutos do día catorce de xullo de dous mil dezaseis, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente convocada para as vinteunha horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**  
\*\*\*\*\*

**1º.- APRECIACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.**

Inicia a sesión o **Sr Alcalde** explicando a urxencia da convocatoria desta sesión na necesidade de iniciar os trámites de cesión do terreo ao Consorcio Galego do Servizos de Igualdade e Benestar para comezar inmediatamente a licitación da nova Gardería municipal, sen necesario que previamente se aprobe a sinatura do Convenio de colaboración, xa que sen ter asinado dito Convenio non se pode seguir cos trámites administrativos necesarios para levar a cabo a

construción da Escola Infantil.

Toma a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que non entende a urxencia desta sesión plenaria, xa que podería haberse sometido ao Pleno ordinario celebrado a semana pasada por entender que se trata dun expediente que leva tempo tramitándose e, cunha pouca de planificación e orde, se podería levar á sesión plenaria anterior.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Sra. Mar Blanco**, para dicir que tampouco entende a urxencia desta sesión, salvo que se pretenda traballar de forma inmediata nos trámites necesarios para a cesión inmediata dos terreos, como recolle o informe da Secretaría.

O **Sr. Alcalde** explica que o Consorcio esixe para iniciar a licitación da obra a sinatura do Convenio e a adopción do acordo de posta a disposición dos terreos, aclarando que o único que se fai é a cesión de uso do terreo, porque seguerá sendo propiedade municipal, o mesmo que o edificio da Gardería, que será propiedade do Concello pero xestionado polo Consorcio, a diferenza da cesión do Centro de Saúde que, neste caso, será unha cesión de propiedade, polo que tanto o terreo como o edificio será propiedade do SERGAS, polo que sería necesario neste último caso a segregación da parcela e iniciar outros trámites distintos, polo que tamén se trae hoxe ao Pleno porque cantos antes se efectúen máis rápido será a posta en marcha da dita obra.

O voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, inicia a súa intervención entendendo que si estos asuntos foran tan urxentes xa se houberan traído ao Pleno fai 7 días, polo que observa unha falta de planificación, polo que vai a a votar en contra da urxencia desta sesión como medida de presión pola mala xestión do grupo de goberno.

Sometida a votación a urxencia desta sesión, esta é aprobada por maioría (votos a favor do PP, en contra do PsdeG-PSOE e BNG, e a abstención de MÓVETE).

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS, RELATIVA A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DA ESTRADA PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESCOLA INFANTIL.**

O Sr. Alcalde outorga a palabra á Concelleira de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar**, para explicar esta proposta, quen di que na Comisión Informativa de Servizos Sociais de 7 de xullo pasado se someteu a ditame o borrador do Convenio a asinar entre o noso Concello e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, previos os informes de Secretaría e Intervención, nos que se especifica que deberán de modificarse a Cláusula Terceira e Quinta do Convenio. A continuación a Sra. Goldar da letura ao Ditame acadado na devandita sesión e que propón ao Pleno:

**1.-** *Facultar ao Sr. Alcalde a sinatura do Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello da Estrada para a construción da nova Escola Infantil.*

**2.-** *Modificar o Convenio presentado nas súas Cláusulas Terceira e Quinta no senso proposto nos correspondentes informes de Secretaría e Intervención, introducindo os seguintes cambios:*

*-No primeiro párrafo da CLÁUSULA TERCEIRA debe dicir: "O Concello da Estrada pon a disposición do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar os terreos necesarios para a construción da nova Escola Infantil e comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión ao Consorcio Galego do uso da parcela...*

*-No terceiro párrafo da CLÁUSULA QUINTA debe dicir: "Os pagamentos do Concello ao Consorcio realizaránse do xeito seguinte: 100.000 euros na anualidade de 2016, tal e como consta nos Orzamentos municipais, e a cantidade prevista restante que lle correspondente aportar ao Concello da Estrada será*

consignada nos Orzamentos municipais de 2017. Ditos pagamentos efectuaranse previa xustificación do gasto realizado...".

3.- Aprobar a posta a disposición dos terreos e o inicio de todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión de parte da Parcela Estadio do PEID Estadio Municipal, ubicada na Baiuca, Avda. Benitivo Vigo - Avda da Torre - A Estrada.

4.- Comunicar este acordo á Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para proceder á sinatura do Convenio de Colaboración, no prazo de tempo máis breve posible.

Toma a palabra a Concelleira **Dna. Belén Louzao**, para preguntar se se corrixiu o erro existente con respecto ao tema da parcela obxecto da cesión, confirmando a Sra. Secretaria que si. Por outra banda, di que hai unha Cláusula no Convenio que di que o Concello debe de dotar de servizos á parcela, polo que pregunta se xa se fixo unha estimación e unha análise da capacidade para o abastecemento de auga, sumidoiros e demais servizos que son necesarios para esos novos edificios da Gardería e Centro de Saúde.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, reiterando a súa contribución na axilización deste procedemento para a construción da nova Gardería, polo que manifesta o apoio a esta acordo.

Inicia o seu turno de intervención o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, quen di que non estivo presente na Comisión Informativa, polo que se fiará do que neste debate se está a dicir.

O **Sr. Alcalde** manifesta, en relación coa urxencia desta sesión, que existen dous datos importantes, en primeiro lugar o borrador do Convenio chegou o 7 de xullo, polo que foi imposible levalo ao Pleno ordinario que se celebrou ese mesmo día, ademais de que o proxecto de execución da Gardería entrou no día de hoxe por rexistro de entrada. Continúa que é importante que se aprobe a sinatura e a cesión dos terreos ao Consorcio para axilizar toda a tramitación necesaria para a construción da Gardería, tendo en conta que a parte administrativa xa está feita, polo que considera que se está levando a cabo todo de maneira rápida e nun tempo récord, polo que, a pesares das críticas, están contentos por conseguir que saia adiante este proxecto e a rapidez con que se está levando a cabo.

Aclara tamén que, cando se desenvolveo o plan especial da Baiuca, onde se dimensionou os servizos e infraestruturas no ámbito do propio desenvolvemento e o que quedou fóra deste desenvolvemento non entrou en ningún proxecto urbanístico e haberá que valorar a medida que se vaian desenvolvendo as propias infraestruturas, pero aclara que os técnicos din que non existe ningún problema coa capacidade do abastecemento de auga, rede de sumidoiros, pluviais, etc, o que non evita que se teña que facer algunha modificación ou mellora.

Volve a pedir a palabra a **Sra. Belén Louzao** dicindo que se poden prever e facer plans antes de que xurdan os problemas, o que axilizaría os procedementos. Tamén quere manifestar o seu apoio á construción da nova Escola Infantil, pero quere que non se deixe de lado a antiga Gardería, polo que considera que se debería de facer negociacións de coordinación entre as dúas para que non existan problemas de desigualdade no acceso ás mesmas polas familias; tamén lle preocupa o que vai a pasar co persoal existente na actual escola, xa que se sabe que tamén tería que salir a concesión; entón pide que se vaia prevendo estos aspectos para evitar os problemas que seguramente van a xurdir no futuro. Por último manifesta o seu apoio á sinatura do Convenio e á cesión dos terrenos.

O **Sr. Magariños** pide que se corrixa a denominación de Gardería pola de Escola Infantil.

Non habendo máis intervencións, sómete o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

1.- Facultar ao Sr. Alcalde a sinatura do Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello da Estrada para a construción da nova Escola Infantil.

2.- Modificar o Convenio presentado nas súas Cláusulas Terceira e Quinta no senso proposto nos correspondentes informes de Secretaría e Intervención, introducindo os seguintes cambios:

- No primeiro párrafo da CLÁUSULA TERCEIRA debe dicir: "O Concello da Estrada pon a disposición do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar os terreos necesarios para a construción da nova Escola Infantil e comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión ao Consorcio Galego do uso da parcela...

- No terceiro párrafo da CLÁUSULA QUINTA debe dicir: "Os pagamentos do Concello ao Consorcio realizaránse do xeito seguinte: 100.000 euros na anualidade de 2016, tal e como consta nos Orzamentos municipais, e a cantidade prevista restante que lle correspondente aportar ao Concello da Estrada será consignada nos Orzamentos municipais de 2017. Ditos pagamentos efectuaranse previa xustificación do gasto realizado...".

3.- Aprobar a posta a disposición dos terreos e o inicio de todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión de parte da Parcela Estadio do PEID Estadio Municipal, ubicada na Baiuca, Avda. Benitivo Vigo – Avda da Torre – A Estrada.

4.- Comunicar este acordo á Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para proceder á sinatura do Convenio de Colaboración, no prazo de tempo máis breve posible.

**3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS, RELATIVA A CESIÓN DAS AULAS SITAS NO PRIMEIRO ANDAR DO NOVO MERCADO Á ASOCIACIÓN AGADEA PARA ATENCIÓN A ENFERMOS DE ALZHEIMER.**

A Concelleira Dna. Amalia Goldar, da unha introducción a esta proposta de Acordo dicindo que xa fai un ano e medio que se ven colaborando coa Asociación Galega para a atención a enfermos de Alzheimer mediante a cesión de instalacións dentro do Novo Mercado, ademais de concederlle anualmente unha subvención nominativa para o que é necesaria a sinatura dun Convenio coa mesma, no que se establecen as obrigas e dereitos de cada un dos asinantes. Di que por parte da AGADEA se plantexou a este Concello a posibilidade de dotar de estabilidade ao servizo que veñen prestando para así facilitar a opción da Asociación a aquelas axudas e actividades que, en política social, se ofrecen na actualidade, incluso en temas de copago dos enfermos beneficiarios; explica que na actualidade os estradenses usuarios non podían optar a eses beneficios, polo que a petición feita por AGADEA parece razoable e beneficiosa para o concello, sobre todo tendo en conta que neste momento existen 33 familias beneficiadas. Ante o anterior, previos os informes correspondentes e o inicio do expediente respectivo, é necesario proceder á cesión dos locais sitos no novo Mercado á dita Asociación, considerando que, como se trata dunha entidade sen ánimo de lucro, a cesión debería ser gratuita, a este respecto di que a Xunta especifica que o tempo para a cesión deberá de ser entre 5 e 6 anos, polo que se propón inicialmente unha cesión por 6 anos; unha vez se aprobe dita cesión e rematen os trámites necesarios para a efectividade da mesma, será necesaria unha reunión con AGADEA para redactar un Convenio que deixe claro todos os deberes, dereitos e obrigas da Asociación e do Concello e que se traduzan en beneficios para os cidadáns estradenses.

Polo manifestado, a Sra. Goldar, propón que sexa adoptado nesta sesión plenaria o acordo de aprobar o inicio do expediente para ceder gratuitamente as aulas sitas no primeiro andar do Novo Mercado para á atención a enfermos de Alzheimer a favor da Asociación Galega de Axuda aos Enfermos de Alzheimer (AGADEA), entidade sen ánimo de lucro para fins que redunden en beneficio dos

habitantes do termo municipal, cunha duración inicial de 6 anos, finalizados os cales se valorará a súa prórroga ou non.

Intervén **Dna. Belén Louzao** para manifestar o seu apoio a esta cesión, pedindo que esas axudas ás que optará a Asociación repercutan en beneficio dos usuarios/as en relación ás taxas que teñan que pagar polos servizos, sobre todo tendo en conta que se trata dunha cesión gratuítas e que o Concello se fará cargo do pagamento dos recibos de luz e agua.

**Dna. Mar Blanco** di que, dende o seu grupo político, se valora positivamente o traballo feito por AGADEA, pero lamenta que o Concello non impulse este tipo de servizos e os estradenses teñan que marchar da Estrada por falta de alternativas laborais no noso concello. Di que valora os servizos que presta esta Asociación pero lle gustaría que se valorase outras formas de prestalos sen ten que recurrir a empresas de fóra, aínda así apoia a aprobación desta proposta.

O **Sr. Alcalde** aclara que AGADEA non é unha empresa de fóra, senón que se trata dunha asociación sen ánimo de lucro que está a facer un traballo extraordinario dentro do ámbito de servizos a enfermos con Alzheimer e cun recoñecemento nacional, polo que o noso Concello púxose en comunicación coa mesma para valorar a súa actuación dentro dun proxecto piloto aproveitando a apertura do novo Mercado, o resultado foi moi bo e cunha gran demanda, atendendo a 40 familias e cunha importante lista de espera, polo que, á vista do éxito obtido, considerouse dar unha maior iniciativa a AGADEA xa que con elo a prestación de servizos e atencións ás familias afectadas por esta enfermidade é mellor, máis eficaz e con maiores beneficios económicos para os usuarios. A parte do anterior, di que espera que a partires do ano que ben se poida traballar coa Xunta de Galicia para a creación dun Centro de Día para os enfermos de Alzheimer, xa que temos instalacións actas para elo e tamén porque aqueles doentes en grado 1 non poden ser atendidos na actualidade pola Asociación, e, para poñer en marcha este proxecto, se está a traballar coa Xunta a través da AGADEA.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que todo esto forma parte dunha serie de pasos que hai que ir dando, empezando agora por ceder este espazo de case 800 metros cadrado á nomeada Asociación e, a partires de ahí, traballarase para a mellora e empliación dos servizos prestados, esperando que no ano 2017 se poidan materializar.

Pide a palabra a Concelleira **Dna. Amalia Goldar** para aclarar que na actualidade hai unha persoa da Estrada traballando na AGADEA facendo prácticas, ademais informa que tamén se fan cursos sobre atención aos dependentes.

Non habendo máis intervencións, sómete o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

**PRIMEIRO.** Iniciar expediente para ceder gratuitamente as aulas sitas no primeiro andar do Novo Mercado para atención a enfermos de Alzheimer, a favor da Asociación Galega de Axuda aos Enfermos de Alzheimer (AGADEA), entidade sen ánimo de lucro para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal.

**SEGUNDO.** Someter o expediente a un período de información pública por prazo de vinte días mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

**TERCEIRO.** Remitir o expediente para o seu coñecemento á Consellería competente en materia de Sanidade.

4°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO, RELATIVA A APROBACIÓN DA SINATURA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DA ESTRADA PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DA ESTRADA.

Para explicar este punto toma a palabra o Concelleiro **D. Alberto Blanco** iniciando a súa intervención dicindo que o que se somete ao Pleno é unha proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Organización e Funcionamento, relativa á aprobación da sinatura do Convenio de cooperación entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Estrada para a construción do novo Centro de Saúde da Estrada, facultado ao Sr. Alcalde para a súa sinatura, así como propoñendo a aprobación do compromiso para que por parte do Concello da Estrada se fagan todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión de parte da parcela Estadio do PEID Estadio Municipal, ubicada na Baiuca, Avda. Benito Vigo - Avda da Torre - A Estrada, todo elo libre de cargas e gravames, está a falar da parcela 4, segundo os informes técnicos municipais, de pouco máis de 3.700 m<sup>2</sup>, dos cales son edificables algo máis de 2.500 m<sup>2</sup>, polo que permitiría unha edificación de preto de 6.000 m<sup>2</sup>, acadándose un edificio o triple máis grande do actual centro de saúde. Por último, di que, en base dos informes técnicos, cré que esta proposta é adecuada e lóxica, polo que solicita o apoio dos asistentes a esta sesión plenaria, aínda que non foi o que se plantexaba e previa dentro do PXOM.

Intervén a **Sra. Belén Louzao** para dicir que o Partido Socialista non vai a ser un atranco para que A Estrada teña novos servizos, porque claro que desexan que os veciños/as teñan novos servizos, pero di que as cousas hai que facelas de xeito coherente e con organización, xa que non pode ser que A Estrada teña un PXOM aprobado fai 3 anos cunha organización urbanística de servizos e infraestruturas e, sen embargo, o grupo de goberno decida cambiar a estrutura do noso concello buscando conflitos onde non debería haberlos, porque A Estrada estaba estruturada de xeito que se sabía onde había solo consolidado e onde non, por iso non entende a decisión de cambialo sen intentar desenvolver aquilo que se prometeu co PXOM. Ante o anterior, A Sra. Louzao entende que con esos cambios se modifica a perspectiva da nosa vila, ademais se contamos con espazos públicos se pregunta por que non se loita por acadar máis servizos como cando se busque un Centro de Día ou se busque unha Residencia para asistidos e tamén cando se busque espazo para os Xulgados, entende que para estes proxectos si habería que buscar novos espazos, pero non abandonando unha parte do noso concello nin a disposición dos que nós mesmos a dotamos, porque para eso se aprobou e se espuxo ao público un documento de Plan Xeral.

Con respecto ao Convenio que se vai a asinar agora, di que non deixa de ser un compromiso para facer os trámites pertinentes, tanto patrimoniais como urbanísticos que sexan necesarios, pero cre que debemos recordar que había outro compromiso coa Consellería anterior polo que a Consellería faría un plan funcional do que non se informou á oposición, de todos os xeitos foi un compromiso que non se cumpríu; o mesmo ocorreu con outros compromisos coa Xunta que non levaron a cabo, tales como a autovía e a Cidade do Moble, ademais de outros máis.

Ante o manifestado a Sra. Louzao non está de acordo cos cambios propostos, sen embargo non quere que o seu grupo político sexa un impedimento para acadar un servizo tan importante para o noso Concello, por iso van a votar a favor desta proposta, pero van a esixir que todo se cumpra e non quede en papel mollado, como outras moitas propostas e acordos.

Toma a palabra **Dña. Mar Blanco** para dicir que considera que o grupo de goberno, neste caso, está comezando a construír a casa polo tellado á hora de vender a hipotética construción do Centro de Saúde, e todo elo con fins electorais. Continúa dicindo que é certo que o actual Centro de Saúde necesita unha serie de melloras que se veñen reclamando dende máis de 20 anos, e agora non se pode permitir que o grupo de goberno utilice este tema tan importante cun fin electoral. Di que na Comisión Informativa se plantexaron unha serie de dúbidas que non tiveron resposta, deducindo que o único que busca o grupo de goberno é facer un anuncio en papel mollado. Tamén di que considera que neste Convenio non se

plantexa unha cesión dunha parcela como se dixo, senón o compromiso de que o Concello da Estrada fará os trámites necesarios con fin de facilitar a cesión, é dicir, que o grupo de goberno está priorizando os pasos que se lle permite seguir preparando a pre-campaña. Alude ao informe emitido pola Sra. Secretaria no que se enumeran unha serie de requisitos previos para que a cesión da parcela sexa posible, polo que deduce que o expediente aínda non se iniciou.

Tamén recorda que na última Comisión Informativa se había quedado en convocar outra para que, en base dos informes técnicos, se valorara entre todos cal ía a ser a parcela idónea para o novo Centro de Saúde, o pasado luns chégalles na orde do día a proposta do Presidente da Comisión para ubicar o novo Centro de Saúde en fronte da hipotética Gardería, opción que cuestiona MÓVETE por considerar que se desaprovecharía moito terreo na parte posterior e impedindo a construción de futuras edificacións, polo que propoñe que se teña en conta o acordado na penúltima Comisión Informativa e se valore e decida entre todos a parcela máis idónea para a ubicación deste Centro de Saúde.

Por outra banda tamén manifesta que o seu grupo político solicita un novo plan funcional da Estrada para ter un coñecemento real das necesidades que se prevén ter no futuro centro e, así mesmo, traslada a necesidade de adquirir o compromiso da Xunta para que o Concello da Estrada poda dispoñer do novo Centro de Saúde.

Inicia a súa intervención o Concelleiro **D. Xosé Magariños** dicindo que comparte a necesidade dun novo Centro de Saúde, pero, con respecto a ubicación do mesmo, é unha cuestión que só poden valorar os técnicos e non os políticos, pero non se pode esquecer que todo iso ten unhas implicacións urbanísticas e nas que quixera emitir a súa opinión. Di que os veciños e veciñas da Estrada coñecían un Plan de Ordenación Urbana onde se clasificaba o terreo fisiosanitario e aquí se lles está dicindo que o Pleno municipal aprobou un documento que é papel mollado cando debería ser un documento vivo onde é esencial contar coa participación da cidadanía, de xeito que opinaran se queren reestruturar a ordenación urbana, porque considera que levar o Centro de Saúde e a Gardería para a Baiuca vai a implicar un novo entramado urbano no que os veciños/as deberían de participar na súa valoración. Di tamén que a urbanización da Baiuca trae consigo outras infraestruturas como, por exemplo, o acceso a vehículos sanitarios, unha reorganización urbanística máis segura para os veciños/as facendo unha circunvalación, sen embargo, o documento que se presenta aquí é un documento de compromiso e a Estrada está chea de Convenios de compromiso, polo que pide que no ano 2018 debe de estar construído este Centro de Saúde e senón se pedirán responsabilidades.

O **Sr. Alberto Blanco** en contestación ás anteriores intervencións di que, efectivamente, aquí non se aproba a cesión porque antes hai que facer a parcelación, por iso simplemente se adquire o compromiso do Concello para facer os trámites necesarios e previos para posibilitar dita cesión. No que respecta ao cambio da disposición da dotación sanitaria, o PXOM é un documento vivo e non rixido polo que ten que adaptarse ao desenrolo deste concello, e agora mesmo non podemos deixar pasar esta oportunidade, sobre todo tendo en conta que temos nestos momentos os terreos da Baiuca para sacar adiante a Gardería municipal e o Centro de Saúde por ser unha zona dotacional idónea que nos permite levar a cabos ditos proxectos de forma inmediata.

Volve a intervir a **Sra. Belén Louzao** para dicir que considera que a sinatura deste Convenio ven marcada pola campaña electoral, de ahí as fotos co Conselleiro, e a este respecto recorda que na dita reunión falouse de 50.000 euros para o arranxo do antigo Centro de Saúde e quere pedir que se leve a cabo ditos traballos porque mentres non esté construído o novo centro hai que seguir utilizando o antigo, polo que pide que se cumpra ese compromiso adquirido. Á vista de todas as promesas e compromisos conxuntos entre este Concello e a Xunta que sempre quedan no olvido, pide que o grupo de goberno se faga responsable para que os mesmos se materialicen e cumpran e non sexa o de sempre, é dicir, vender fume. Por último dirixise ao Sr. Blanco para dicirlle que é responsabilidade do seu grupo de goberno de non cumprir co PXOM, porque din unha cousa e despois fan outra, dándolles igual o que opinen os estradenses, porque non se pode dicir o fin dun



terreo e contemplalo no Plan Xeral e despois darlle outro uso, polo que volve a pedirilles que cumpran coa palabra e co PXOM. Por último pide que se arranxe o actual Centro de Saúde para facilitar o traballo dos sanitarios e o acceso dos usuarios mentres non se constrúa o novo, e con respecto ao futuro Centro de Saúde, que se garante servizos como zona de aparcamento, accesibilidade, servizos básicos de luz e auga, etc.

A **Sra. Mar Blanco** di que, despois de máis de 20 anos sen facer melloras no actual Centro de Saúde a pesares das reiteradas solicitudes tantos de veciños como da oposición, lle parece complicado que agora se poida crer esta promesa de nova construción, máis ven observa unha precampaña electoral polas eleccións galegas. A pesares desas dúbidas manifesta que o grupo de goberno vota a favor desta proposta porque non queren ser un obstáculo.

O **Sr. Xosé Magariños** volve a intervir dicindo que confía que non sexa o caso de quedar nun mero anuncio electoral (cousa moi frecuente neste Concello), porque A Estrada quere ver un novo Centro de Saúde e, mentres non se constrúa, quere ver un actual Centro que reúna os servizos mínimos de dignidade para os usuarios.

Intervén o **Sr. Alcalde** dicindo que a política é así, que a oposición tende a criticar aínda que estén de acordo co fondo da proposta. Di que o PXOM é un documento vivo para favorecer o desenvolvemento urbanístico, de feito o plan especial dotacional da Baiuca foi exposto ao público sen que houbera ningunha alegación ou reclamación, polo que non admite que se diga que non se lle dou participación aos cidadáns, sobre todo cando o grupo de goberno manifestou publicamente cal era o seu proxecto con respecto a estos terreos, sen embargo os partidos da oposición se quedaron nesa política mediocre intentando desacreditar ao goberno cando dicían que se ía a gastar un millón de euros nun novo campo de fútbol tirando os cartos, e agora considera que deberían todos arrepentirse cando ven que o goberno ten unha solución para poñer á disposición da Xunta dos terreos da Baiuca para construír unha Escola Infantil e un novo Centro de Saúde tan necesarios para A Estrada, polo que cré importante que quede constancia na acta do papel radical que tivo nalgúns casos algún partido político municipal coa estratexia de futuro que tivo e ten o grupo de goberno para o noso municipio, o que se manifesta na gran xestión urbanística que supón o proxecto da Baiuca na historia do Concello da Estrada. Tamén pide que se analice sen as gafas da oposición o contexto, non cabe ningunha dúbida que esta planificación da Baiuca é unha boa iniciativa para a creación de tan necesarias infraestruturas.

(Neste momento prodúcese unha discusión entre o Sr. Alcalde e a voceira do Partido Socialista, difícil de transcribir).

Continúa o Sr. Alcalde para dicir que o seu grupo de goberno está axudando para impulsar de forma definitiva un desenvolvemento urbanístico nesa zona do ámbito urbano (Avda de Pontevedra) onde se vai a instalar unha importante área comercial, querendo compensalo tamén coa posta en marcha de proxectos e iniciativas para a creación do novo Centro de Saúde, aclarándolle á voceira de MÓVETE que non se trata dunha infraestrutura do SERGAS, senón da Tesoureiría da Seguridade Social, polo que considera que tería que ser un Convenio de reversión entre ambas; en segundo lugar non se pode iniciar os trámites de cesión do terreo sen antes iniciar o expediente de mutación demanial, entón o que aquí se aproba a sinatura do Convenio e o compromiso de cesión, requisitos necesarios para proceder ao inicio dese expediente; en terceiro lugar non está de acordo co que se dí de que o SERGAS non se compromete a nada, porque se len o borrador do Convenio que se vai a asinar verán que a Cláusula 7ª di que dito organismo se compromete á elaboración e aprobación do proxecto técnico, así como de contratar, dirixir e executar as obras de construción do Centro de Saúde; ante o anterior, e tendo o compromiso do Conselleiro de que se se ten o proxecto pronto se incluírá o gasto nos orzamentos de 2017, hai que traballar con dilixencia e celeridade para conseguir esa infraestrutura.

O Sr. Alcalde, contestando ás acusacións de que se trata dun papel mollado, quere facer caso omiso delo, porque cando se vexa que se seguen os pasos necesarios para levar a cabo esta construción, entre eles o plan funcional previo, observárase que non é así como se dí.

En canto á ubicación da parcela, o Sr. Alcalde di que houbo varias

propostas para a ubicación do Centro de Saúde, cando viñeron os técnicos do SERGAS a ver os terreos, quedaron entusiasmados cos terreos da zona da Baiuca pedindo esa parcela para esta construción, polo que foron eles os que participaron de forma directa na elección da ubicación do Centro de Saúde.

No que respecto ao PXOM, di que os solos dotacionais están suxeitos aos desenvolvementos urbanísticos, polo que considera que é unha quimera falar deles ao considerar que non é o obxecto deste debate.

Por último cré que si se está cumprindo cos estradenses, se están a facer iniciativas e proxectos importantes, aínda que reconece que existen asignaturas pendentes (variante, autovía, etc.), pero os asuntos que se tratan na sesión plenaria de hoxe, deixan a constancia da iniciativa do seu grupo de goberno que se traducen en beneficios para os estradenses, do que se sinte orgulloso, sobre todo da decisión de centrar nun mesmo ámbito todas as infraestruturas servizos tan importantes, o cal ten un resultado positivo como, por exemplo, crear un mellor plan dotacional, deseñar mellor as zonas verdes, espazos públicos, etc., etc.

Pide a palabra o **Sr. Xosé Magariños** para aclarar que el non discutíu en ningún momento sobre a ubicación do Centro de Saúde.

A **Sra. Mar Blanco**, no que se refire á construción do novo campo de fútbol, pregunta se ao final cobraron os traballadores da empresa subcontratada para a construción do mesmo.

Responde o **Sr. Alcalde** que ese tema tería que preguntarllo ás empresas que fixeron a obra, porque o Concello non ten que ver nada con este tema, ou ben á Deputación Provincial de Pontevedra, quen foi a que dirixiu esa obra, sen embargo, recorda que o Concello sempre intentou apoiar aos subcontratistas que participaron na obra, así como que un número importante delas chegaron a un acordo coa empresa contratista principal e recibiron parte das cantidade adebedadas, pero, nestes últimos tempos, non volveu a ter información sobre este tema, descoñecendo a situación actual xa que o Concello non participou nesa obra.

A **Sra. Mar Blanco** di que, ao tratarse de empresas e traballadores da Estrada e aínda que non era unha responsabilidade directa do Concello, si é competencia deste Concello interesarse polo tema e instar á Deputación de Pontevedra para solucionar o problema e esixir responsabilidades á empresa contratista.

O **Sr. Alcalde** contesta dicindo que pensa que a Sra. Blanco ten un concepto moi intervencionista da política, xa que o Concello, como administración, reuniuse moitas veces cos afectados intervindo para a solución deste problema ata o límite das competencias municipais, pero hai que ter claro que se trata dun contrato con dúas empresas privadas e a capacidade da nosa administración é bastante limitada.

Pide novamente a palabra a **Sra. Belén Louzao**, ao considerar que se abreu un debate con respecto á construción do campo de fútbol, recorda que o Concello invertiu un diñeiro no mesmo e que non lle correspondía cando xurdíu o problema do regadío, e pregunta si se recuperaron eses cartos.

O **Sr. Alcalde** di que ese tema deberíase tratar dentro do punto de rogos e preguntas dun Pleno ordinario, polo que se pode preguntar e contestar na próxima sesión plenaria, a pesares de eso responde que cando a empresa contratista entrou en suspensión de pagos e xurdíu o problema do rego do campo de fútbol, este Concello buscou unha alternativa, e esa alternativa foi a través da Deputación, polo que o Concello non tivo que aportar diñeiro algún, ademais se interpuxo a correspondente reclamación á empresa aseguradora da concesionaria, descoñecendo en que fase se atopa ese procedemento, sen embargo cré que será a propia Deputación quen debe reclamar eses cartos xa que foi ela a que asumíu dita obra de reposición do rego do campo, é certo que o Concello licitou a obra, pero foi con fondos da Deputación.

Non habendo máis intervencións, sómete o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

1.- Facultar ao Sr. Alcalde a sinatura do Convenio de Cooperación entre o Servicio Galego de Saúde e o Concello da Estrada para a construción do novo Centro de Saúde da Estrada.

2.- Aprobar o compromiso para que por parte do Concello da Estrada se fagan todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión de parte da Parcela Estadio do PEID Estadio Municipal, ubicada na Baiuca, Avda. Benitivo Vigo – Avda da Torre – A Estrada.

3.- Comunicar este acordo á Xunta de Galicia, consellería de Sanidade, Servicio Galego de Saúde para proceder á sinatura do Convenio de Colaboración, no prazo de tempo máis breve posible.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e cincuenta e dous minutos.

A Estrada, 14 de xullo de 2016  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso